

Introdución

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Coordinador da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade

Consello da Cultura Galega

Cando se fala de «comunicar ciencia» estámonos a referir a un longo e complexo proceso que comeza no momento en que se lles informa aos colegas de determinados resultados ou pensamentos científicos e remata coa noticia recollida nos xornais ou nos temas que son obxecto de ensino nos seus diferentes niveis.

O primeiro chanzo da comunicación científica, que se realiza nos congresos e revistas especializadas, mesmo pode chegar a desempeñar un papel constitutivo do feito científico, pois o proceso de avaliación *entre iguais* ao que se someten os traballos antes da súa publicación constitúe para moitos o principal argumento de cientificidade (só é ciencia o que se *publica nos artigos científicos*, sentenciaba o coñecido sociólogo da ciencia De Solla Price).

A partir dese momento comeza o proceso de difusión ou vulgarización da ciencia, que pode acadar diferentes niveis de achegamento á realidade que lle dá orixe, pero que en calquera caso é xa un proceso esencialmente diferente. Sobre todo polos destinatarios das mensaxes, que xa non son os colegas, senón outros científicos de campos diferentes de especialización ou, sobre todo, o público en xeral. Este proceso de «tradución» da ciencia nun discurso accesible, como semella evidente, ten diferentes graos de simplificación do feito científico orixinal, que vai desde a divulgación especializada ata a simple noticia nos xornais. E algo semellante poderíase dicir do ensino das ciencias.

A utilización da lingua galega nestes procesos de transmisión do saber, tanto no eido da comunicación especializada como no da vulgarización, é realizada por primeira vez polos científicos do Seminario de Estudos Galegos na altura dos anos trinta do pasado século, nos que o xeoquímico Parga Pondal e o astrónomo Ramón Aller son nomes para non esquecer. A Guerra Civil, como en tantas outras cousas, rematou con estes gromos e só ata a chegada dunha nova xeración de científicos non comezou de novo a utilización do galego na comunicación da ciencia. Eran xa os anos oitenta do pasado século e institucións como o novo Seminario de Estudos Galegos, promovido por Díaz Pardo, as sociedades

ambientalistas e a Universidade de Santiago de Compostela reinician de novo a utilización do galego na transmisión do coñecemento científico.

Foi un proceso que non atopou un camiño fácil pero que, en calquera caso, levou unha tendencia crecente ata aproximadamente o cambio de século, no que a viraxe das políticas científicas españolas favoreceu o comezo da utilización masiva do inglés na comunicación especializada en revistas e congresos. Desde entón o galego, como tamén o castelán, atópase nun proceso de retirada nestes medios de comunicación, que semella que vai ter unha longa traxectoria no tempo.

Este feito, considerado desde a perspectiva do galego como un idioma totalmente normalizado, reviste unha especial gravidade porque non se pode esquecer o papel cada vez máis importante que está a desempeñar a ciencia na conformación da cultura contemporánea. Fican xa moi lonxe os anos en que Piñeiro, que traducía a Heidegger, tentaba demostrar a virtualidade do galego como lingua apta para transmitir calquera tipo de discurso. Desde aquela, traballouse arreo na elaboración de glosarios ou mesmo de dicionarios nos que os termos científicos atopaban, con maior ou menor dificultade, o seu equivalente en galego, polo que o camiño para o seu uso na ciencia ficaba doadamente rozado.

O problema agora é moi diferente, pois céntrase no interese pola lingua galega, como outras diferentes do inglés, para que poidan ter un oco na comunicación da ciencia. Dalgunha maneira, estase a decidir a supervivencia destas linguas como medios de expresión dun elemento tan fundamental da cultura contemporánea como é o da ciencia.

Consciente a Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega da gravidade deste problema, organizou o día 20 de maio de 2011 unha xornada de debate e reflexión que congregou expertos españois e galegos para falar desta temática e á que asistiron un importante número de científicos e técnicos galegos. Con todos eles consensuáronse, finalmente, unhas conclusións que tentan ofrecerlle á sociedade galega reflexións e propostas que poidan axudar ao mantemento do galego como lingua de expresión científica, cando menos en aspectos fundamentais deste proceso. Deste xeito, esas mil primaveras máis que agardamos para a lingua galega poderían tamén seguir acollendo nelas o mundo da ciencia.